



UNHA TESE ESTUDA AS TERAPIAS BIOLÓXICAS EN PACIENTES CON ENFERMIDADES REUMATOLÓXICAS

- **Unha farmacéutica do CHUVI analiza o perfil dos pacientes sometidos a estes tratamentos tanto desde a práctica clínica habitual como a través das redes sociais**
- **O estudo recolle e avalía datos dos últimos 8 anos na área sanitaria de Vigo**
- **A metade das terapias deste tipo para enfermidades reumatolóxicas aplícanse a pacientes con artrite reumatoide**
- **Só un 10% dos pacientes esquecen ou abandonan o tratamento, ao contrario do que ocorre noutras enfermidades crónicas**

Vigo, 21 de maio de 2019. “Análise das terapias biolóxicas nas artropatías inflamatorias crónicas no ‘mundo real’ e nas tecnoloxías 2.0”. É o título da tese doutoral da farmacéutica do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI), Noemí Martínez López de Castro, que obtivo a cualificación de sobresaliente cum laude.

A tese, que se leu na Universidade de Vigo foi realizada no Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía da Facultade viguesa de Bioloxía, dentro do programa de doutorado “Metodoloxía e aplicacións en Ciencias da Vida”. Estivo dirixida polo adxunto do servizo de Reumatoloxía do CHUVI, o doutor José María Pego, e a titora do traballo foi a doutora África González, catedrática e investigadora da Universidade de Vigo.

A tese desenvolveuse no contexto do Grupo de Investigación IRIDIS (*Investigation in Rheumatology and Immune-Mediated Diseases*) pertencente ao Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur (IISGS), formado por un grupo de profesionais, principalmente reumatólogos, farmacéuticos e epidemiólogos, que conxuntamente desenvolven investigación na área das enfermidades autoinmunes. O proxecto tamén contou co apoio da Unidade de Estatística da EOXI de Vigo.



O estudo foi desenvolto no ámbito da área sanitaria de Vigo. Realizouse unha análise retrospectiva de 8 anos dos pacientes con artropatías inflamatorias crónicas (artrite reumatoide, artrite psoriásica e espondilite anquilosante) en tratamento con terapias biolóxicas.





O obxectivo foi mellorar o coñecemento sobre o perfil dos pacientes con estas enfermidades e sobre distintos aspectos destes tratamentos (adherencia/persistencia, seguridade, custos, e outros). Tamén coñecer mellor a vivencia (inquietudes, necesidades e cuestións) que os pacientes con estas enfermidades teñen sobre a súa enfermidade e os seus tratamentos, tanto na súa vida cotiá como en Google e Twitter.

Abandono dos tratamentos

Na área sanitaria de Vigo, aproximadamente a metade das terapias biolóxicas empregadas para as artropatías inflamatorias crónicas foron utilizadas para tratar a artrite reumatoide. Estes pacientes caracterízanse porque, fronte aos de espondilite anquilosante ou artrites psoriásica, eran de maior idade, fumaban menos e presentaban un maior número de comorbilidades.

Ademais, os pacientes con artrite reumatoide cambiaron máis frecuentemente de tratamento biolóxico, e a duración media das liñas de tratamento foi máis corta que a dos pacientes con artrites psoriásica e espondilitis anquilosante.

Ao contrario que noutras enfermidades como a hipertensión arterial ou a hipercolesterolemia, os pacientes con estas enfermidades non parecen ter problemas en canto ao cumprimento do seu tratamento e soamente un 10% deles esquécense deles ou os abandonan.

“Investigouse cales eran as causas polas que pacientes con artropatías inflamatorias crónicas finalizaban as terapias biolóxicas e viuse que a falta de efectividade foi a causa máis frecuente de finalización. Os efectos adversos son a segunda causa máis frecuente de fin das terapias biolóxicas”, explica a autora da tese, que engade: “Aínda que a incidencia destes efectos adversos é duns 57 por cada 100 pacientes tratados nun ano, soamente un 5% destes efectos adversos foron considerados graves, e ocorrían con maior probabilidade en pacientes que tiñan outras enfermidades de forma concomitante”.

Custos

Os custos asociados co tratamento con estas terapias biolóxicas e coa atención a estes pacientes durante este tempo foi aproximadamente duns 14.000.000 €, representando o custo das terapias biolóxicas o 85% desa cifra.

Cando se avaliaron os aspectos que se asociaban a un menor custo viuse que aqueles pacientes con terapias biolóxicas de autoadministración en domicilio, que tiñan pautas con “dosificación reducida” e aqueles con terapias biolóxicas do grupo dos anti-factor de necrosis tumoral-alfa, asociábanse a un menor custo para o sistema sanitario.

Internet e redes sociais

Na segunda parte do proxecto realizouse unha exploración en Google e Twitter sobre cales eran os aspectos máis solicitados en relación con estas enfermidades reumatolóxicas e as súas terapias biolóxicas.





Na análise do contido de Google e Twitter observouse que as principais áreas de interese sobre estas enfermidades estaban relacionadas coas terapias alternativas, a nutrición e o exercicio.

Ademais, con respecto ás terapias biolóxicas detectouse que o aspecto que máis preocupaba aos pacientes era a seguridade, especialmente os “efectos adversos relacionados coa administración”, “a infusión do fármaco” e a “autoadministración”.

“Á vista destes resultados considérase que debería realizarse unha maior información desde a consulta médica, de enfermaría ou farmacéutica sobre os citados temas”, subliña Noemí Martínez López de Castro, do servizo de Farmacia Hospitalaria do CHUVI.

